

O presente documento estará
exposto no Taboeiro de
Anuncios desta Deputación
desde o día 27-06-2023
ata a día 27-07-2023
O XEFE DA UNIDADE
PORTERÍA E VIXIANCIA

P.O.
Aef

Anuncio

NOMEAMENTO PARA CUBRIR EN PROPIEDAD TRES (3) PRAZAS DE PORTEIRO/A, ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA SUBALTERNO, AGRUPACIÓNS PROFESIONAIS, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, COTA XERAL, ACCESO LIBRE, POLO SISTEMA DE CONCURSO, CORRESPONDENTE Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2022 (TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN Á QUE SE REFIRE A DISPOSICIÓN ADICIONAL 6ª DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO).

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión celebrada o día 23 de xuño de 2023 adoptou, entre outros, o seguinte acordo que se reproduce de xeito literal:

"As bases xerais que regulan xunto coas bases específicas, os procesos excepcionais que se convoquen para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo na Deputación de Lugo, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 - IC) Taxa adicional de Estabilización de emprego temporal (Disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de Decembro), cota xeral ou cota de reserva a persoas con capacidades diferentes, sistema de concurso, acceso libre publicáronse no BOP núm. 241, do 21.10.2022.

A convocatoria e bases específicas que rexen o proceso selectivo para cubrir, polo sistema de concurso, tres (3) prazas de Porteiro/a, da escala de administración xeral, subescala subalterna, agrupacións profesionais, do cadro de persoal funcionario, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2022 (taxa adicional de estabilización á que se refire a disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro), fixéronse públicas no BOP núm. 241, do 21.10.2022.

Celebrado o procedemento selectivo, vista a proposta do Tribunal Cualificador e acreditado polas persoas aspirantes propostas a documentación á que se refire a base xeral 13, cumprindo os requisitos esixidos na base xeral 4 e na base específica 5, esta presidencia, atendendo á proposta do Tribunal Cualificador e de acordo co punto 14.1 das bases xerais, propón á Xunta de Goberno a resolución definitiva do procedemento selectivo nomeando como funcionarios de carreira a:

Don Carlos Fuentes Pardo, para ocupar a praza número 138, denominada Porteiro/a, escala administración xeral, subescala subalterna, agrupacións profesionais, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2022 (taxa adicional de estabilización á que se refire a disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro), adxudicándolle o posto de traballo denominado Porteiro/a Entrada número 96, vinculado á citada praza.

Don Serafín Rodríguez Trashorras, para ocupar a praza número 866, denominada Porteiro/a, escala administración xeral, subescala subalterna, agrupacións profesionais, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2022 (taxa adicional de estabilización á que se refire a disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro), adxudicándolle o posto de traballo denominado Porteiro/a Entrada número 1090, vinculado á citada praza.

Don Manuel Fernández Arias, para ocupar a praza número 110, denominada Porteiro/a, escala administración xeral, subescala subalterna, agrupacións profesionais, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2022 (taxa adicional de estabilización á que se refire a disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro), adxudicándolle o posto de traballo denominado Porteiro/a Entrada número 109, vinculado á citada praza."

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Contra o presente acordo que pon fin á vía administrativa cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Xunta de Goberno da Deputación Provincial no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación do presente acordo no BOP ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na Lexislación reguladora de dita xurisdición, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Lugo, 26 de xuño de 2023 .- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 19F

O presente documento estará
exposto no Taboeiro de
Anuncios desta Deputación
desde o día 27-06-2023
ata a día 27-07-2023
O XEFE DA UNIDADE
PORTERÍA E VIXIANCIA

P.O.
